

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 5

APROBADA POR ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN CELEBRADA Ó DÍA DEZ DE DECEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA SOBRE EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS DOS QUE COÑEZA A ADMINISTRACIÓN OU AUTORIDADES MUNICIPAIS.

FUNDAMENTO LEGAL.

Artigo 1º.-De conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establécese a taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a Administración ou as autoridades municipais.

OBRIGACIÓN DE CONTRIBUIR.

Artigo 2º.-1.Heito imponible.-A actividade municipal desenrolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, dos documentos que se expidan ou de que entenda a Administración ou as autoridades municipais.

2. A obrigación de contribuir nacerá no momento da presentación da solicitude que inicie o expediente.

3. Suxeto pasivo.-están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou en quen redunde a tramitación do documento ou expediente.

BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA.

Artigo 3º.-Constituirá a base da presente taxa, a natureza dos expedientes a tramitar e documentos a expedir.

Artigo 4.

1.- A cuota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

2.- A cuota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

3.- A cuotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por cento cando os interesados sollicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

Artigo 5. A Tarifa a que se refire o artigo anterior estruturase nos seguintes epígrafes:

EPÍGRAFE PRIMEIRO.- CENSOS DE POBOACION DE HABITANTES

1.- Certificacións de empadronamento no Censo de Poboación:

Vixente. 500 pts.

Anteriores: 1.000 pts.

2.-Volantes de fe de vida: 500 pts.

3.- Certificados de convivencia e residencia:.. 500 pts.

EPÍGRAFE SEGUNDO.- CERTIFICACIONES

1.- Certificacións de Acordos Municipais:

Por cada prego ou fracción dos certificados que se expidan sobre Acordos ou Resolucións municipais adoptados dentro do ano anterior a solicitude

1º folio:1.500 pts.

seguintes folios: 100 pts.

Por cada prego ou fracción dos certificados que se expidan sobre Acordos ou Resolucións

municipais adoptados, cunha data superior a un ano:

1º folio:2.500 pts.

Seguintes folios: 100 pts.

2.- Certificación de Documentos

Por cada prego ou fracción dos certificados que se expidan sobre documentos ou datos obrantes en expedientes tramitados dentro do ano anterior a solicitude

1º folio:1.500 pts.

Seguintes folios: 100 pts.

Por cada prego ou fracción dos certificados que se expidan sobre documentos ou datos obrantes en expedientes tramitados, cunha data superior a un ano:

1º folio:2.500 pts.

Seguintes folios: 100 pts.

EPÍGRAFE TERCEIRO.- DOCUMENTOS EXPEDIDOS OU EXTENDIDOS POLAS OFICINAS MUNICIPAIS

1.- Copia de Documentos

a) Por cada prego ou fracción de documentos ou datos contidos en expedientes tramitados dentro do ano anterior a solicitude

1º folio:1.000 pts.

Seguintes folios: 50 pts.

b) Por cada prego ou fracción de documentos ou datos contidos en expedientes tramitados cunha data superior a un ano:

1º folio: 2.000 pts.

Seguintes folios: 50 pts.

c) Outros tipos de documentos obrantes no arquivo municipal, cunha data inferior a un ano:

1º folio: 1.500 pts.

Seguintes folios: 50 pts.

d) Outros tipos de documentos obrantes no arquivo municipal, cunha data superior a un ano:

1º folio: 2.500 pts.

Seguintes folios: 50 pts.

e) Por toda clase de documentos para particulares que autorice ou avale á Alcaldía:

Polos dous primeiros folios: 500 pts.

Por cada cinco folios ou fracción: 50 pts.

3.- Por cada comparecencia ante a Alcaldía para calquer finalidade con constancia por escrito, solicitada polo interesado 1.500 pts

4.- Pola Dilixencia de cotexo de documentos en xeral, non expresamente tarifados , por cada un 100 pts.

5.- Informacións testificais 1.500 pts.

6.- Outros informes (sin plano) 1.500 pts.

EPÍGRAFE COARTO.- DOCUMENTOS RELATIVOS Ó SERVICIO DE URBANISMO

a) Por cada expediente de declaración de ruína de edificios30.000 pts.

b) Por cada certificación que se expida de servizos urbanísticos solicitada a instancia de parte.....6.000 pts.

c) Por cada informe que se expida sobre características de terreo, ou consulta a efectos de edificación a instancia de parte5.000 pts.

d) Por cada copia de plano de alineación de rúas, ensanches, etc., por cada folio:

formato DIN A4 e formato DIN A3..... 500 pts.

EPÍGRAFE QUINTO.- OUTROS EXPEDIENTES OU DOCUMENTOS

Por calquer outros expediente ou documentos non expresamente tarifado: 1.500 pts.

ARTIGO 6º.1.- Non se concederá bonificación algunha dos importes das cuotas tributarias sinaladas na Tarifa desta Taxa.

2.- Non obstante o disposto no apartado anterior, estarán exentos da taxa regulada nesta Ordenanza:

- a) As persoas perceptoras de pensións non contributivas.
- b) Os documentos expedidos a instancia de Autoridades Cívís, Militares ou Xudiciais.

ARTIGO 7º.4.- Os documentos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38,4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non poderán dárseles curso sin que se subsane a deficiencia, a este fin requiriráselle o interesado para que, no prazo de dez días aboe as cuotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sin efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada dita solicitude.

Artigo 8º.-Os dereitos por cada petición de busca de antecedentes devengaránse aínda que sexa negativo o seu resultado.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

Artigo 9º.-En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, conforme se ordena no artigo 11 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, aprobada por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada ó día dez de decembro de mil novecentos noventa e sete, entrará en vigor e comenza a aplicarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación.